

COMEDIA BÍFIDA

Autor Manuel Núñez Singala
Páxinas 112 páxinas
Editorial Galaxia Colección Costa Oeste
Xuvenil



SINOPSE

Cómpre que esteades mortos para participardes nesta farsa do xuízo final. Se non o estades, quizais poidades asistir a este encontro con algunhas das situacións que a diario vivimos en relación co galego. Dispoñédevos a rir, sorrir e pensar. Porque algunhas das cousas que facemos e dicimos sobre a nosa lingua non as entende nin san Pedro.

AUTOR

MANUEL NÚÑEZ SINGALA

Naceu en Lugo en 1963, pero en Vilalba é onde transcorre a súa infancia e adolescencia. A Terra Cha é a súa primeira patria. Estuda, traballa e vive máis tarde en Compostela, que é, como el mesmo di, a súa segunda patria.

Sempre foi un gran afeccionado á lectura, pero a súa inclinación pola escrita di que quizais lla deba aos certames literarios do instituto de bacharelato vilalbés “que me animaron a comezar a escribir”. Nese centro estreou as primeiras obras de teatro, ata tres montaxes aló contra finais dos anos setenta.

Despois estudou en Santiago onde ficou. Compostela é, pois, a súa segunda patria. Rematou Filoloxía Galega e traballou no Parlamento de Galicia, na Xunta e finalmente, desde hai xa bastantes anos, na Universidade de Santiago de Compostela, onde dirixe o Servizo de Normalización Lingüística.

Publicou unha obra de teatro e unha novela, ademais doutras obras espalladas en libros colectivos e revistas. O ensaio e os traballos de investigación sobre cuestións relacionadas coa normalización do idioma ocuparon boa parte do seu tempo.

VALORES

- O xénero dramático: características.
- Relixión: o xuízo final; anxos, arcanxos e demos.
- A diversidade lingüística
- Bilingüismo e diglosia
- Conflito lingüístico
- Prestixio lingüístico
- Normativización
- Normalización
- Interferencias lingüísticas.
- Variedades xeográficas da lingua galega.

ANTES DE LER O LIBRO

DEBATE NA AULA

En grupos de catro ou cinco estudantes propónse reflexionar sobre os usos da lingua. Cada grupo deberá tomar nota nunha folla dos usos lingüísticos de cada un dos membros contestando ás seguintes cuestións:

- Que lingua utilizamos principalmente no centro educativo?
- Que lingua utilizamos principalmente na casa?
- Que lingua empregamos cos compañeiros e as compañeiras?
- Que lingua empregamos cos amigos e coas amigas?

DURANTE A LECTURA DO LIBRO

- Que lingua empregamos cos pais?
- Que lingua empregamos cos avós ou cos bisavós?
- É de “boa educación” pasarse ao castelán cando estamos cun galego que nese idioma?
- Cres que é posible ligar en galego nas grandes cidades do país.
- Debatimos arredor desta frase: *Hoxe en día o mellor que podemos facer e aprendermos todos inglés, que é unha lingua con futuro.*

AO REMATAR A LECTURA DO LIBRO

Cómpre reflexionarmos tamén se estamos nunha vila que lingua cremos que empregan maioritariamente na cidade máis próxima e se estamos nunha cidade que lingua pensamos que utilizan nas vilas da contorna.

Unha vez recollida a información farase unha posta en común e tomarase nota dos resultados obtidos.

Propónse realizar unha lectura dramatizada da obra, para iso pódense elaborar unhas cartolinas cos nomes dos personaxes e poñelas diante do lector ou lectora, así en cada momento teremos identificados os personaxes da obra.

PARA IMAXINAR

Pódese comentar como nos imaxinamos a cada un dos personaxes e mesmo elaborar debuxos do escenario ou do vestuario dos actores.

DEBATE NA AULA

- Cres que as actitudes que presentan os diferentes personaxes cara ao galego son reais? Coñeces persoas que presenten actitudes parecidas ás dos personaxes?
- Retomamos a posta en común inicial e comparamos as actitudes dos personaxes que saíron na obra coas conclusións que tiñamos.
- Estamos de acordo con algunha das actitudes presentadas?
- Podemos establecer un debate no cal unha parte da clase teña que defender a postura do arcanxo e outra a de Luci.
- Reflexionar sobre o uso do galego no noso centro de ensino: na Administración, na conserxería, nas aulas, nos corredores, no patio...
- Elaboración de propostas para dinamizar a nosa lingua entre a mocidade.
- Elaboración dunha campaña publicitaria para desenvolver no centro educativo a prol do uso do galego na mocidade. Pódese facer como un concurso e premiar aquelas campañas máis imaxinativas ou máis divertidas.
- Elaborar un cadro comparativo que reflecta a situación do inglés e do castelán nos EUA. Aprecias similitudes entre este caso e o castelán-galego no noso país?
- Comenta a frase: *Se perdemos a lingua, perdemos tamén a identidade.*
- Traballo arredor do libro do mesmo autor *En galego, por que non?* Exposición, por parte dalgúns alumnos e alumnas dos distintos prexuízos contra o galego que o autor explicita nesta obra.
- Comentario arredor do seguinte parágrafo:

Hoxe imos xulgar a fala e o que hai aquí son galegos, só galegos, salvo algunha excepción. A ver, hai franceses aquí? Non. E rusos? Non. Hai chineses ou romaneses ou italianos ou exipcios ou etíopes? Non. Só galegos. Por que? Porque os franceses falan francés, os rusos ruso, os chineses chinés, os xaponeses xaponés... só os galegos non queren falar galego. En realidade non é que sexa feo, é patético. Hai algo máis triste ca unha persoa que se nega a ser o que é e que pretende ser algo diferente? Imaxinan, por exemplo, a un negro que intentase ser branco? Patético, non?

PÁXINAS WEB QUE PODES VISITAR

Ficha do autor na Biblioteca Virtual Galega

http://bvg.udc.es/ficha_autor.jsp?id=ManN%FA%F1ez&alias=Manuel+C.+N%FA%F1ez+Singala

Autobiografía do autor na páxina da Asociación de escritores en Lingua Galega

<http://www.aelg.org/Centrodoc/GetAuthorById.do?id=autor404>

Bilingüismo

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Biling%C3%BCismo>

Diglosia

<http://gl.wikipedia.org/wiki/Diglosia>

Normativa oficial do galego

http://gl.wikipedia.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego

Real Academia Galega

www.realacademiagallega.org